



Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

Mesa 1

Visión estratéxica do territorio rural.

Acta 1ª xuntanza. 11/03/2026

Coordina: Fundación Juana de Vega

ORGANIZA



Fundación
Juana de Vega

USC LABORATE
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN
ROBERTO RIVAS



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

RIA

Contido

1.	Benvida e introdución.....	3
2.	Presentación das persoas participantes.....	3
3.	Presentación do documento de partida e resultados do cuestionario previo	4
3.1.	Diagnose territorial de partida.....	4
3.2.	Visión compartida do rural galego	5
3.3.	Análise cualitativa: palabras clave	5
3.4.	Priorización de retos por tipoloxía territorial	6
4.	Afinado e priorización de temas clave (traballo sobre a visión)	7
5.	Dinámica de traballo en grupo.....	8
6.	Orientacións cara á 2ª xuntanza.....	13

Data: 11 de marzo de 2026

Horario: 10:00 – 14:00 h

Lugar: Sede da Fundación Juana de Vega (San Pedro de Nós, Oleiros)

Coordina: Fundación Juana de Vega

1. Benvida e introdución

A xuntanza foi inaugurada por José Manuel Andrade Calvo, director da Fundación Juana de Vega, quen deu a benvida ás persoas participantes e contextualizou o traballo da mesa no marco do Foro Territorio Rural Resiliente. Expúxose que o Foro Territorio Rural Resiliente é unha iniciativa independente promovida pola Fundación Juana de Vega e o Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela (LaboraTe), coa colaboración da Fundación RIA, a Fundación Roberto Rivas e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Trátase de xerar un espazo de reflexión colectiva en torno a seis mesas de traballos centradas en temas relevantes para a visión territorial, para recoller propostas que contribúan a un territorio rural máis activo, resiliente fronte aos incendios e preparado para afrontar os retos económicos, demográficos, climáticos e ambientais, a través da mellora da ordenación e da xestión territorial.

As conclusións de todas as mesas de traballo presentaranse no Foro Territorio Rural Resiliente, previsto para o 28 de maio en Santiago de Compostela, onde se debaterán ante unha audiencia máis ampla para avanzar cara a unha visión compartida do futuro do rural galego.

Esta mesa ten como obxectivo definir unha visión estratéxica compartida do territorio rural que oriente o seu modelo de desenvolvemento a medio e longo prazo, identificando os usos prioritarios das terras segundo a súa capacidade produtiva e garantindo un modelo territorial multifuncional orientado á resiliencia.

2. Presentación das persoas participantes

Realizouse unha rolda de presentación das persoas asistentes, pertencentes a distintos ámbitos (administración pública, investigación, sector produtivo, entidades sociais, etc.), co obxectivo de garantir unha visión plural e multidisciplinar.

Nome	Apelidos	Entidade á que representa
Montserrat	Rodríguez Valcárcel	Grupo Parlamentario do BNG
Marta	Mariño	Consellería de emprego, comercio e emigración- Xunta de Galicia
José	Gómez Viaño	IXP Ternerera Gallega

Fé	Álvarez Sánchez	GDR Montes e Vales Orientais
José Luís	Chan Rodríguez	Consellería medio rural- Xunta de Galicia
Jacobo	Feijoo	Unións Agrarias
Inés	Gusmán Correa	Fundación CEER
Enrique	Seoane	Arquitecto
Antonio	Rigueiro	Asociación Forestal de Galicia
Juanjo	de la Cerda	CLUSAGA
Ricardo	González Iglesias	Cluster da madeira
Óscar	Rivas López	Asociación Galega de Custodia do Territorio
Rubén	Lois González	IDEGA- USC
Carlos	Rodríguez Rodríguez	Área de Medio Rural da Deputación de Lugo
Servando	Álvarez Pousa	INORDE
Sergio	Boado Seoane	Asociación Movegandex
Sofía	Pérez Fórneas	Fundación Arume
Margarita	Fraga Ares	CULTIGAR (F PAIDEIA)
Olga	Rivas Iglesias	Fundación Roberto Rivas
Inés	Santé Riveira	USC- LABORATE
Adrian	Capelo	Fundación Ría

3. Presentación do documento de partida e resultados do cuestionario previo

José Manuel presentou o documento de partida e a síntese das respostas ao cuestionario previo que se compartiu cos participantes previo á xuntanza e que permitiu establecer unha diagnose compartida da situación do rural galego e identificar os principais retos.

3.1 Diagnose territorial de partida

Destacáronse os seguintes elementos estruturais:

- Transformación profunda do rural galego nas últimas décadas, marcada pola desagrarización e terciarización.
- Abandono do territorio e perda de xestión activa.
- Fragmentación extrema da propiedade e desconexión territorial.
- Incremento da vulnerabilidade fronte ao lume e ao cambio climático.
- Cambios demográficos: envellecemento, baixa densidade e decrecemento natural.
- Debilitamento do capital social e aumento da desconexión entre propiedade e uso.

- Acumulación de biomasa como consecuencia da perda do mosaico agroforestal. Introduciuse tamén o marco conceptual das “Tres Galicia” como clave interpretativa da diversidade territorial .

3.2 Visión compartida do rural galego

A partir do cuestionario, identifícase unha visión común baseada nas respostas recollidas:

Imaxinamos un rural galego vivo, habitado e dinámico, no que as persoas poidan vivir, traballar e emprender con dignidade, con igualdade real de oportunidades e acceso a servizos de calidade. Un territorio multifuncional que xestiona activamente os seus recursos a través dunha base agroalimentaria e forestal sostible, diversificada e innovadora, capaz de xerar valor económico ao tempo que conserva a biodiversidade, a paisaxe e o capital natural.

Un rural integrado coas áreas urbanas nunha relación de corresponsabilidade, no que a cooperación entre administracións, comunidades locais e sector produtivo impulsa a bioeconomía, a soberanía alimentaria e a restauración da paisaxe agroforestal, garantindo un territorio resiliente, atractivo e próspero para as xeracións presentes e futuras.

3.3 Análise cualitativa: palabras clave



A análise das respostas evidencia unha dualidade clara:


- Aspectos positivos: sostibilidade, innovación, bioeconomía, cooperación, calidade de vida, multifuncionalidade.

- Aspectos negativos: abandono, despoboamento, incendios, desconexión, soidade. Isto reflicte un contexto de transición estrutural con importantes oportunidades e riscos.


3.4 Prorización de retos por tipoloxía territorial

A priorización realizada polos participantes utilizando como base a clasificación territorial das “Tres Galicia” permite diferenciar retos segundo tipoloxías:


Galicia urbanizada e periurbana



Galicia rural intermedia / activa



Galicia de baixa densidade / abandonada



4. Afinado e priorización de temas clave (traballo sobre a visión)

Nesta fase da xornada realizouse un traballo específico de revisión e afinado da visión compartida, a partir dos resultados do cuestionario previo.

A dinámica permitiu identificar e reforzar os seguintes elementos e conceptos clave como eixes centrais da visión:

- Desenvolvemento sostible e multifuncional
- Un rural vivo e dinámico
- Xeración de valor económico
- Papel das comunidades locais
- Soberanía alimentaria
- Diversificación e innovación
- Xestión activa do territorio
- Cooperación

Apuntouse a necesidade de incluír os seguintes aspectos:

- Industrialización
- Educación e formación
- Coñecemento científico
- Dereitos e cohesión social
- Equilibrio entre sectores (agrario, forestal, etc.)
- Integración produción–conservación
- Papel da demografía e inmigración
- Dimensión ambiental: biodiversidade, paisaxe e capital natural.

A partir destas aportacións fórmase a seguinte visión compartida e consolidada:

Imaxinamos un rural galego vivo, habitado e dinámico, baseado nun modelo de desenvolvemento sostible e multifuncional, no que as persoas poidan vivir, traballar e emprender con dignidade, con igualdade de oportunidades, dereitos garantidos e acceso a servizos, educación e formación de calidade. Un territorio que recupera e mantén poboación, favorece o relevo xeracional e a atracción de novas persoas, e que impulsa un sistema produtivo diversificado, innovador e apoiado no coñecemento científico, capaz de xerar valor económico engadido mediante a transformación e industrialización dos recursos locais, reforzando a soberanía alimentaria.

Un rural que xestiona activamente o seu territorio, integrando produción e conservación e acadando un equilibrio entre sectores e usos, ao tempo que conserva e valoriza a biodiversidade, a paisaxe e o capital natural. Un espazo articulado arredor do papel das comunidades locais, no que a cooperación entre administracións, sector produtivo e sociedade impulsa solucións compartidas, fortalece a gobernanza e constrúe un territorio resiliente, cohesionado e en equilibrio co urbano.

5. Dinámica de traballo en grupo

Desenvolveuse unha dinámica tipo *world café*, organizada arredor das tres tipoloxías territoriais.

A dinámica de traballo en grupo desenvolveuse mediante unha metodoloxía tipo *world café*, estruturada arredor das tres tipoloxías territoriais (“Tres Galicia”), abordando en cada mesa os tres retos prioritarios previamente seleccionados no cuestionario previo. Dividiuse o total de asistentes en 3 grupos de 7/8 persoas que foron rotando de xeito aleatorio en tres roldas de 20 min cada unha. En cada rolda e mesa, traballouse nun reto dos 3 identificados.

DINÁMICA 2	MESA 1. Galicia urbanizada e periurbana	MESA 2. Galicia rural intermedia / “Galicia activa”	MESA 3. Galicia de baixa densidade / “Galicia abandonada”
Rolda 1	Redución do mosaico agroforestal e conflitos polo uso do solo	Desagrarización, debilidade da cadea de valor e falta de relevo xeracional	Redución do mosaico agroforestal e conflitos polo uso do solo
Rolda 2	Abandono e acumulación de biomasa no interface urbano-forestal	Servizos, mobilidade e habitabilidade	Servizos, mobilidade e habitabilidade
Rolda 3	Gobernanza e coordinación de actores	Gobernanza e coordinación de actores	Gobernanza e coordinación de actores

Cada grupo identificou por un lado as funcións territoriais máis prioritarias para cada unha das tres Galicia e respondeu as seguintes preguntas en relación aos retos:

- Cal sería o primeiro paso para abordar este reto?
- Quen debería asumir a responsabilidade ou liderado?

O tratamento da información seguiu un proceso estruturado de análise (vaciado, agrupación temática, identificación de patróns e síntese en liñas interpretativas), permitindo pasar das achegas individuais a conclusións compartidas.

5.1. Mesa 1: Galicia urbanizada e periurbana

Identificación de funcións territoriais principais

A función clara é a de servizos pero outras cuestións clave son a conservación, a preservación da función agraria onde aínda sexa posible.

Rolda 1: Redución do mosaico agroforestal e conflitos polo uso do solo

- Necesidade urxente de revisión dos instrumentos de planeamento urbanístico (PXOMs), considerados desactualizados e baseados en expectativas de crecemento irrealis.
- Crítica ao modelo territorial que priorizou o uso residencial e a especulación urbanística fronte aos usos produtivos.
- Proposta de avanzar cara a unha ordenación territorial a escala supramunicipal, máis adaptada ás dinámicas reais.

- Incorporación do cambio climático na planificación, anticipando novos patróns de habitabilidade e mobilidade.
- Desenvolvemento de infraestrutura verde e solucións baseadas na natureza como nexos entre os usos das persoas e o rural. Integrar o natural no urbano para gañar resiliencia.
- Propúxose o modelo de barrios multiecolóxicos con aproveitamento de augas grises e o fomento da construción en madeira.
- Reforzo da base agraria periurbana e a soberanía alimentaria, propoñendo modelos como a “cidade agroitana” e fomentando as canles curtas de comercialización.
- Necesidade de reducir a fenda urbano-rural mediante educación e sensibilización.
- Promoveuse a creación de comunidades enerxéticas situadas preto de onde se consome a enerxía para gañar eficiencia e lexitimidade social ao reducir a factura dos veciños.

Rolda 2: Abandono e acumulación de biomasa no interface urbano-forestal

- Consenso en que o desbroce mecánico non é viable como solución estrutural.
- Necesidade dun cambio de paradigma cara á xestión activa do territorio.
- Proposta de introducir a gandería extensiva (pastor urbano) como ferramenta de control da biomasa.
- Importancia do deseño resiliente das vivendas e parcelas privadas fronte ao lume.
- Necesidade de formación cidadá en prevención de incendios e “revisar o modelo de socialización do custo de apagar o lume”.
- Reforzo da cadea de valor forestal, especialmente de especies autóctonas, en sectores como a tonelería ou a cortiduría.
- Proposta de pagos por servizos ecosistémicos en zonas estratéxicas como as zonas de protección dos núcleos urbanos. Consistiría en que os propietarios reciban unha "prima por hectárea" equivalente ao que gañarían cunha explotación comercial de madeira, compensando así o custo de manter o monte limpo en áreas estratéxicas.
- Impulso de agrupacións de xestión conxunta e da xestión activa dos montes veciñais.
- Recoñecemento do papel preventivo das hortas e pequenas explotacións na ruptura da continuidade da biomasa.

Rolda 3: Gobernanza e coordinación de actores

- Necesidade de avanzar cara a modelos de gobernanza supramunicipal: a través das mancomunidades e as asociacións intermunicipais.
- Impulso da cooperación intermunicipal e interadministrativa.
- Aproveitamento da masa crítica de actores destas áreas como oportunidade para apoiar a gobernanza.
- Necesidade de mobilizar a propiedade privada e garantir o cumprimento de obrigas de manter as fincas xestionadas.

- Debate entre medidas coercitivas vs. Incentivos: mentres uns pedían "medidas coercitivas" ou sancións para quen non xestiona, outros preferían "medidas construtivas" que faciliten ao propietario a xestión con retorno económico.
- Papel da gobernanza na conexión urbano-rural.
- Importancia da ordenación do solo como base da gobernanza. Afírmase que a gobernanza neste territorio pasa por "clasificar ben o chan". Se os usos están ben definidos e a clasificación se cumpre, moitos dos conflitos (incendios, usos forestais vs residenciais) desaparecen ou regúlanse de xeito viable.
- Reflexión sobre a responsabilidade na ocupación de zonas de risco.

5.2. Mesa 2: Galicia rural intermedia / "Galicia activa"

Identificación de funcións territoriais principais

Función produtiva agraria pero buscando a multifuncionalidade, en consonancia coa conservación e a produción forestal. Desenvolvemento enerxético no sector agroalimentario. Se establecer novas funcións: a socio comunitaria: relevo, integración e acceso a servizos, e por outro lado a función de industrialización.

Rolda 1: Desagrarización, debilidade da cadea de valor e falta de relevo xeracional

- Necesidade de mudar o relato social do rural, reforzando a súa importancia estratéxica na soberanía alimentaria.
- Prioridade en incrementar o valor engadido e pechar os ciclos produtivos no territorio.
- Aposta por modelos de produción de calidade fronte a volume.
- Impulso dunha industrialización adaptada á escala territorial.
- Papel clave da tecnoloxía e conectividade para o relevo xeracional e a competitividade.
- Debate sobre o minifundio: limitación estrutural vs. realidade superable mediante acordos. Unha parte da mesa defendeu que nesta Galicia activa "non se debe culpar sempre ao minifundio" como barreira insalvable, xa que os gandeiros máis dinámicos xa están a xestionar grandes superficies "xuntando terras de todos" de xeito informal para ter base territorial. Pola contra, algunhas intervencións foron máis críticas e afirmaron que "o minifundio si que é un problema" de escala que impide a rendibilidade e que debe ser atacado con figuras de agrupación e xestión conxunta.
- Importancia do arraigo e identidade territorial.
- Necesidade de axilizar a burocracia e mellorar a coordinación coa conservación.

Rolda 2: Servizos, mobilidade e habitabilidade

- Identificación dos servizos de conciliación (escolas infantís, casas niño, centros de día, etc) como elementos clave para fixar poboación.
- Necesidade de garantir servizos básicos (sanidade, educación).

- Problemas de mobilidade da man de obra, especialmente inmigrante. Proposta de facilitar acceso a carné de conducir e vehículos a estes colectivos.
- Falta de vivenda dispoñible para traballadores.
- Necesidade de políticas de rehabilitación de vivenda rural.
- Importancia da conectividade dixital como servizo esencial.
- Crítica á centralización da toma de decisións. Avogouse por que o "propio territorio teña a gobernanza" destes servizos para mellorar a súa eficiencia e evitar que a xente marche por falta de atención básica.
- Defensa de modelos innovadores de prestación de servizos adaptados ao rural.
- Reflexión sobre o custo de non manter servizos. pechar unha escola ou un servizo para aforrar pode derivar en custos moito maiores, como a perda de xestión do territorio e o incremento de incendios.

Rolda 3: Gobernanza e coordinación de actores

- A cooperación debe xerar beneficios directos para os participantes. Exemplo: mellora da calidade de vida (tempo libre) mediante cooperación.
- Sinalouse que os líderes rurais nestas zonas teñen un perfil "moi multifuncional", estando presentes en múltiples asociacións e asumindo excesivas responsabilidades. Risco de sobrecarga e esgotamento dos liderados locais.
- Necesidade de reforzar estruturas colectivas.
- Importancia dunha visión integrada das "Tres Galicia".
- Impulso de figuras de agrupación e cooperación que conecten propietarios e usos.
- Necesidade de maior recoñecemento institucional da cooperación existente.

5.3. Mesa 3: Galicia de baixa densidade / "Galicia abandonada"

Identificación de funcións territoriais principais.

As principais funcións que se destacaron son: Servizos ecosistémicos e manexo de grandes extensión con gandería extensiva, así como aproveitamento forestal multifuncional e soberanía alimentaria.

Rolda 1: Redución do mosaico agroforestal e conflitos polo uso do solo

- Necesidade dun catálogo de usos baseado en capacidades reais do territorio e proposta de zonificación funcional explícita. Avogouse por un modelo que identifique áreas prioritarias para o agropecuario, forestal, enerxético e incluso para "pequenas industrias agrarias" que xeren valor engadido.
- Cambio de enfoque: do abandono ao capital natural como activo.
- Revalorización das aldeas como células de xestión territorial da contorna ao seu arredor que actúa como barreira e mantén a biodiversidade.

- Necesidade de garantir a compatibilidade de usos. Cómpre xerar coñecemento científico para decidir onde situar a produción enerxética ou a forestación sen entrar en conflito co agro ou a conservación.
- Papel da gandería extensiva e frondosas autóctonas na creación de discontinuidades fronte ao lume en superficies extensas.
- Importancia do coñecemento científico combinado co saber local.
- Necesidade de cooperación interadministrativa (Xunta, deputacións e concellos) e responsabilidade compartida.

Rolda 2: Servizos, mobilidade e habitabilidade

- Necesidade de garantir servizos mínimos para a habitabilidade real mediante solucións innovadoras. Innovación social para a busca de solucións.
- Sistema de Incentivos fiscais para fomentar que persoas podan vivir no rural: renda no traballo, investimentos en rehabilitación da vivenda, incentivos para desenvolvemento de actividades agrícolas e de transformación, etc.
- Financiar os servizos de internet para facilitar a implementación das empresas.
- Simplificación administrativa.
- Impulsar as infraestruturas básicas: nodos de fibra óptica, por exemplo. Buscar tamén solucións desde o local, non so desde a administración autonómica.
- Impulso de servizos de conciliación (escolas infantís, e centros de día, etc) como elementos clave para fixar poboación.
- Pago aos xestores do territorio polo valor de prevención en contraposición ao gasto da extinción. Unións Agrarias ten un documentos a este respecto.
- Compensar os servizos ecosistémicos que ofrecen estes territorios para facilitar a fixación da poboación.
- Necesidade de reforzar a planificación territorial coherente.
- Política de acceso á vivenda baseada na rehabilitación. Existen empresas que están mercando vivendas para rehabilitar e aloxar a traballadores. Necesítase un plan en coordinación entre administración autonómica e local, e unha normativa que facilite a mobilización de vivendas con problemas de propiedade tal e como se fai na Lei de recuperación de terras agrarias. Necesidade tamén de mellorar o catastro.

Rolda 3: Gobernanza e coordinación de actores

- Necesidade de apoiar aos liderados locais de confianza da cidadanía local. Destacar o caso de A Carqueixa.
- Importante o papel dos concellos e as deputacións na dinamización dos axentes locais.
- Favorecer a cooperación público-privada e interadministrativa para facilitar a xestión activa do territorio. Escola de pastores como exemplo.

- Identificación de propietarios para a mobilización de terras. Destacado o papel da AFG.
- Necesidade de revisión do marco legal que facilite a intervención no territorio para poñer a disposición das terras. Que facer cos MVMC sen xestión, por exemplo?
- Proposta de reformular o catastro como ferramenta de xestión territorial.
- Risco de modelos produtivos que faciliten o acceso a *fondos voires* de grandes empresas que non fixan poboación no territorio e perda de control territorial.
- Necesidade de maior flexibilidade administrativa. Adaptación de instrumentos legais á realidade socioeconómica de cada territorio. Caso dos montes de varas, non poden tratarse legalmente como "comunidades de bens" (que obrigan a declaracións de renda a pensionistas), senón que deben buscarse figuras como asociacións sen ánimo de lucro que se adapten á realidade social.
- Gran influencia das empresas forestais xestoras na toma de decisións en función dos seus intereses pola falta de gobernanza da poboación local. É necesario impulsar procesos de gobernanza similares aos que se impulsaron no proxecto CAPRIF-CC.

6. Orientacións cara á 2ª xuntanza

Unha vez identificadas as prioridades de cada mesa, realízase unha análise transversal para detectar elementos comúns que emerxían en distintas partes do proceso.

Analízanse as coincidencias entre:

- mesas de traballo
- retos abordados
- funcións territoriais asociadas ás "tres Galicia"

Esta análise permite identificar patróns transversais emerxentes, é dicir, ideas ou propostas que aparecen de forma reiterada en diferentes partes do proceso participativo.

Os patróns transversais identificados sintetízanse en liñas estratéxicas de actuación, que agrupan orientacións xerais para abordar os retos identificados durante a dinámica participativa que serán enviados aos participantes na mesa como punto de partida para unha segunda xuntanza que terá lugar a segunda quincena do mes de abril, e que pretende consensuar medidas operativas e actuacións concretas que serán presentadas no Foro do 28 de maio.

A xornada pechouse destacando a importancia do proceso e agradecendo a excelente participación.